



## Taller Infantil de Teatro

### INTRODUCCIÓN:

A actividade que se mostra é extraescolar, orientada a nenos/as entre 6-12 anos. As seccións constarán de dúas horas semanais repartidas en 3 fases: –quentamento, previo á actividade; – a actividade en si; –relaxación infantil, volta á calma.

A metodoloxía a utilizar é eminentemente lúdica non debemos esquecer que “o teatro é un xogo”. O xogo será o mecanismo principal polo que o neno/a adquira a súa aprendizaxe tendo en conta o seu punto de vista e apetencias. Mediante esta metodoloxía traballaremos aspectos tales como a imaxinación, creatividade, observación, atención, expresión corporal e oral.

### XUSTIFICACIÓN:

"Facer teatro na escola é a oportunidade de coñecer unha linguaxe valéndose do propio corpo como instrumento de expresión, movemento, acción, voz e palabra".

Contribúe ao desenvolvemento da creatividade, capacidade expresiva, coñecemento dun mesmo e do mundo circundante, socialización. Créanse condicións onde os nenos aprenden a linguaxe teatral e á súa vez se forman como espectadores críticos e reflexivos.

O teatro ofrécenos madurar persoalmente mediante representacións simbólicas da vida cotiá e tamén nos conecta o real co imaxinario, de modo que o neno pode anticiparse mediante a improvisación a resolver un conflito imaxinario, o cal lle será vantaxoso á hora de afrontar a vida.

O teatro é disciplina integradora onde se traballa ademais de coa competencia artística e cultural, con outras como:

- Lingüística
- Coñecemento e interacción co medio físico
- Social e cidadá
- Autonomía e iniciativa persoal
- Aprender a aprender

### OBXECTIVOS PRINCIPAIS:

- Perceptivos: observar e analizar a realidade.
- Expresivos: desenvolver a expresión persoal e capacidade creadora.

#### CONTIDOS E ACTIVIDADES:

- O corpo: xestos, voz, movemento, expresión. Propóñense actividades de desenvolvemento, de valoración do corpo como instrumento da expresión (imitacións, traballamos con diferentes volumes e calidade de voz).
- Elementos da linguaxe teatral: trabállase con elementos básicos da linguaxe teatral (roles, personaxes, accións, conflitos)
- Exploración e práctica da improvisación: actividades de creatividade (cada un organiza a súa propia escena, etc.)
- Utilización de distintos textos: teatrais ou non, e medios visuais.
- Representación teatral: coa aprobación do neno/a e pais.

*O teatro como actividade grupal e social promove o respecto e confianza cara os demais e cara un mesmo.*

